

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17892 *Real decreto 1497/2011, do 24 de outubro, polo que se determinan os funcionarios e as autoridades competentes para realizar a legalización única ou apostila prevista polo Convenio XII da Conferencia da Haia de Dereito Internacional Privado, do 5 de outubro de 1961.*

I

O 5 de outubro de 1961 asinouse na Haia o Convenio polo que se suprimiu a exigencia de legalización dos documentos públicos autorizados no territorio dun Estado contratante e que tivesen que ser presentados no territorio doutro Estado contratante. O citado convenio, que foi ratificado en España polo Instrumento do 10 de abril de 1978 e entrou en vigor para España o 25 de setembro de 1978, configurou a apostila expedida pola autoridade competente do Estado do cal dimanase o documento como a única formalidade exigible para certificar a autenticidade da sinatura, a calidade en que o signatario do documento actuou e, se é o caso, a identidade do selo ou timbre de que o documento está revestido.

Desde a entrada en vigor do convenio, foi o Real decreto 2433/1978, do 2 de outubro, a norma que enmarcou o funcionamento do dito convenio en España, ao establecer as autoridades ou os funcionarios competentes para realizar a apostila.

A configuración dunha nova estrutura territorial do Estado, tras a aprobación da Constitución española de 1978, volveu obsoleta a regulación vixente, na cal non se fai mención nin ás comunidades autónomas nin ás entidades locais, circunstancias que fan imprescindible unha reordenación das autoridades encargadas de apostilar aqueles documentos españois que, ao abeiro do citado convenio, deban producir efecto no estranxeiro, conforme a actual articulación territorial do Estado.

En congruencia co anterior, este real decreto ten como obxecto establecer as autoridades e os funcionarios competentes para apostilar documentos españois, de conformidade coa nosa realidade territorial actual.

II

Este real decreto engade a novidade, así mesmo, respecto ao Real decreto 2433/1978, do 2 de outubro, de dar entrada á apostila emitida en soporte electrónico, para os documentos públicos xudiciais e administrativos, conferíndolle a mesma validez que á apostila emitida en soporte papel e dando cumprimento, desta forma, ao previsto pola Orde JUS/1207/2011, do 4 de maio, pola que se crea e regula o Rexistro Electrónico de Apostilas do Ministerio de Xustiza e se regula o procedemento de emisión de apostilas en soporte papel e electrónico.

A apostila electrónica responde á incorporación das novas tecnoloxías, polas que xa vén apostando de forma decidida o Ministerio de Xustiza, aplicadas, neste caso, ao servizo das autoridades competentes para emitir apostilas e dos cidadáns.

III

Para a apostila dos documentos públicos o Ministerio de Xustiza optou por circunscribir a relación de autoridades competentes para apostilar ao ámbito estrito do propio ministerio, en clara congruencia co espírito que xa marcara o Real decreto 2433/1978, do 2 de outubro, polo que se determinan os funcionarios competentes para realizar a legalización única ou apostila prevista polo Convenio XII da Conferencia da Haia.

Ben que no caso dos documentos xudiciais ou notariais parece clara esta conclusión, poderíanse suscitar certas dúbidas respecto aos documentos administrativos.

Non obstante, trátase, en definitiva, dun modelo de concentración das autoridades competentes para apostilar orientado a lograr un procedemento de apostila máis sinxelo, de cara ao cidadán, ao tempo que máis organizado e coordinado, coas vantaxes naturais que iso supón.

Non debemos esquecer que o propio Convenio XII da Haia de dereito internacional privado, do 5 de outubro de 1961, establece que cada Estado contratante designará as autoridades, consideradas con base no exercicio das súas funcións como tales, ás cales se lles atribúe competencia para expedir apostilas.

IV

Por outra parte, este real decreto introduce unha importante novidade, en canto á apostila dos documentos xudiciais ou administrativos se refire: a posibilidade de que tanto as autoridades competentes para emitir apostilas xudiciais como administrativas poidan emitir indistintamente apostilas en soporte papel ou electrónico tanto de documentos xudiciais como administrativos, con independencia do lugar xeográfico, dentro do ámbito nacional, en que estes fosen emitidos.

Con esta nova configuración supérase a antiga e estanca división entre autoridades competentes e documentos, en virtude da cal as autoridades competentes xudiciais ou administrativas unicamente podían apostilar os documentos xudiciais ou administrativos, respectivamente, emitidos no seu ámbito xeográfico concreto.

Desta forma cúmprese o dobre obxectivo de achegar o servizo público de apostila de documentos aos cidadáns, evitando traslados innecesarios, ao tempo que, en suma, se axiliza o servizo prestado, o que redunda nunha Administración pública máis eficiente e accesible.

A este escenario de achegamento do servizo público de apostilas aos cidadáns súmanse, así mesmo, os notarios, respecto aos documentos públicos administrativos, que poderán apostilar validamente con independencia do lugar xeográfico, dentro do ámbito nacional, en que estes fosen emitidos.

V

De acordo coas anteriores consideracións, este real decreto establece os funcionarios competentes para realizar o trámite de legalización única, tamén denominada apostila, a que se refire o Convenio XII da Conferencia da Haia de Dereito Internacional Privado, tanto no soporte tradicional, isto é, o soporte papel, como en soporte electrónico.

Este real decreto divídese en dous capítulos, o primeiro dedicado a establecer as autoridades competentes en España para emitir apostilas, así como os documentos que apostilará cada unha das distintas autoridades competentes, e o segundo capítulo, consagrado a regular a forma das apostilas ou legalizacións únicas e o Rexistro Electrónico.

O Ministerio de Política Territorial e de Administración pública e a Axencia Española de Protección de Datos emitiron informe sobre este texto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza e da ministra de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo de aprobación do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e de Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Autoridades e funcionarios competentes para emitir apostilas e documentos que hai que apostilar

Artigo 1. Da apostila de documentos administrativos.

1. Serán competentes para realizar o trámite de legalización única ou apostila dos documentos públicos que se detallan neste artigo as seguintes autoridades e funcionarios:

a) Os secretarios de Goberno dos tribunais superiores de xustiza e das cidades de Ceuta e Melilla ou os que os substitúan legalmente, así como aqueles en quen estes deleguen nas respectivas secretarías de Goberno.

b) O titular da Unidade do Ministerio de Xustiza que teña atribuída en cada momento a competencia en materia de información e atención ao cidadán ou os que os substitúan legalmente, así como aqueles en quen estes deleguen.

c) Os xerentes territoriais das xerencias territoriais que o Ministerio de Xustiza ten distribuídas por todo o territorio nacional, ou os que os substitúan legalmente, así como aqueles en quen estes deleguen nas propias xerencias territoriais.

d) Os decanos dos colexios notariais ou os que fagan as súas veces regulamentariamente, así como aqueloutros notarios en quen estes deleguen.

2. As autoridades e funcionarios recollidos no punto anterior serán competentes para realizar, indistintamente, o trámite de legalización única ou apostila dos seguintes documentos, con independencia do lugar do territorio nacional en que o dito documento se emitise:

a) Os documentos expedidos polas autoridades e funcionarios dos órganos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos, as entidades xestoras da Seguridade Social, así como os expedidos por todo tipo de entes públicos con competencia en todo ou nunha parte do territorio nacional.

b) Os documentos expedidos polas autoridades e funcionarios dos órganos constitucionais.

c) Os documentos expedidos polas autoridades e funcionarios dos órganos da Administración das comunidades autónomas e dos seus organismos públicos.

d) Os documentos expedidos polas autoridades e funcionarios dos órganos da Administración local e dos seus organismos públicos.

e) Os documentos e certificacións expedidas polos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles e, se é o caso, do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.

Artigo 2. Da apostila de documentos xudiciais.

Serán competentes para realizar o trámite de legalización única ou apostila dos documentos autorizados polas autoridades ou funcionarios xudiciais de calquera vulgado e tribunal, servizo común procesual e demais unidades da Administración de Xustiza, con independencia do lugar do territorio nacional no cal os ditos documentos se emitisen e, a excepción do recollido no artigo 4, respecto dos documentos públicos xudiciais da Audiencia Nacional ou do Tribunal Supremo, as seguintes autoridades e funcionarios:

a) Os secretarios de Goberno dos tribunais superiores de Xustiza e das cidades de Ceuta e Melilla ou os que os substitúan legalmente, así como aqueles en quen estes deleguen nas respectivas secretarías de Goberno.

b) O titular da unidade do Ministerio de Xustiza que teña atribuída en cada momento a competencia en materia de información e atención ao cidadán ou os que os substitúan legalmente, así como aqueles en quen estes deleguen.

c) Os xerentes territoriais das xerencias territoriais que o Ministerio de Xustiza ten distribuídas por todo o territorio nacional, ou os que os substitúan legalmente, así como aqueles en quen estes deleguen nas propias xerencias territoriais.

Artigo 3. *Da apostila de documentos notariais.*

Serán competentes para realizar o trámite de legalización única ou apostila dos documentos notariais os decanos dos colexios notariais ou os que fagan as súas veces regulamentariamente, así como aqueloutros notarios en quen estes deleguen, con independencia do lugar do territorio nacional en que o dito documento se emitise.

Artigo 4. *Da apostila dos documentos autorizados por autoridades ou funcionarios xudiciais do Tribunal Supremo e da Audiencia Nacional.*

Serán competentes para realizar a legalización única ou apostila dos documentos autorizados polas autoridades ou funcionarios xudiciais competentes do Tribunal Supremo e da Audiencia Nacional, de forma exclusiva, os seus respectivos secretarios de Goberno, os que os substitúan legalmente ou aqueles en quen estes deleguen.

Artigo 5. *Da apostila doutros documentos públicos.*

O resto de documentos públicos non recollidos nos artigos anteriores poderán ser obxecto de legalización única ou apostila, por elección do cidadán e tanto en soporte electrónico como en papel, por calquera das autoridades competentes para apostilar previstas no artigo 1 deste real decreto.

Artigo 6. *Dos documentos privados.*

Os documentos privados non poderán ser obxecto de apostila ou legalización única.

CAPÍTULO II

Forma e rexistro da apostila

Artigo 7. *Forma da apostila.*

De conformidade co anexo único ao Convenio da Haia do 5 de outubro de 1961, a legalización única ou apostila, emitida tanto en soporte papel como electrónico, terá a forma dun cadrado de 9 centímetros de lado, como mínimo, e expresará as mencións que se inclúen no anexo deste real decreto.

As apostilas emitidas en soporte papel estenderanse no propio documento apostilado. Se se estende en documento separado, esta quedará indubidablemente unida ao documento apostilado.

Artigo 8. *Rexistro electrónico.*

As legalizacións únicas ou apostilas de todos os documentos públicos, que se emitan tanto en soporte papel como electrónico, serán rexistradas e almacenadas no Rexistro Electrónico de Apostilas do Ministerio de Xustiza, creado en virtude da Orde JUS/1207/2011, do 4 de maio, pola que se crea e regula o Rexistro Electrónico de Apostilas do Ministerio de Xustiza e se regula o procedemento de emisión de apostilas en soporte papel e electrónico.

Artigo 9. *Validez das apostilas electrónicas*

Terán plena validez en España as apostilas electrónicas validamente emitidas polas autoridades con competencia para realizar o trámite de legalización única ou apostila doutros Estados contratantes do Convenio XII da Conferencia da Haia de Dereito Internacional Privado, do 5 de outubro de 1961.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 2433/1978, do 2 de outubro, polo que se determinan os funcionarios competentes para realizar a legalización única ou apostila prevista polo Convenio XII da Conferencia da Haia, do 5 de outubro de 1961, así como a Orde do Ministerio de Xustiza do 30 de decembro de 1978, pola que se interpreta e desenvolve o citado Real decreto 2433/1978, do 2 de outubro, polo que se determinan os funcionarios competentes para realizar a legalización única ou apostila prevista polo Convenio XII da Conferencia da Haia, do 5 de outubro de 1961.

Disposición transitoria única. *Apostila dos documentos provenientes do Rexistro Civil.*

A apostila dos documentos provenientes do Rexistro Civil regularase da seguinte maneira:

- a) Ata a entrada en vigor da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, conforme o previsto no artigo 2 deste real decreto sobre a apostila de documentos xudiciais.
- b) A partir da entrada en vigor da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, conforme o previsto no artigo 1 deste real decreto sobre documentos administrativos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.3.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais.

Disposición derradeira segunda. *Disposicións de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Xustiza para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

ANEXO

APOSTILLE (Convention de La Haye du 5 octobre 1961)	
1. País: Country / Pays :	Este documento público This public document / Le présent acte public
2. foi asinado por has been signed by a été signé par	
3. o cal actúa en calidade de acting in the capacity of agissant en qualité de	
4. e está revestido do selo / timbre de bears the seal / stamp of est revêtu du sceau / timbre de	
	Certificado Certified / Attesté
5. en at / à	6. o día the / le
7. por by / par	
8. baixo o número Nº / sous nº	
9. Selo / timbre: Seal / stamp: Sceau / timbre :	10. Sinatura: Signature: Signature:

Esta apostila certifica unicamente a autenticidade da sinatura, a calidade en que o signatario do documento actuou e, se é o caso, a identidade do selo ou timbre de que o documento público estea revestido.

Esta apostila non certifica o contido do documento para o cal se expediu.

This Apostille only certifies the authenticity of the signature and the capacity of the person who has signed the public document, and, where appropriate, the identity of the seal or stamp which the public document bears.

This Apostille does not certify the content of the document for which it was issued.

Cette Apostille atteste uniquement la véracité de la signature, la qualité en laquelle le signataire de l'acte a agi et, le cas échéant, l'identité du sceau ou timbre dont cet acte public est revêtu.

Cette Apostille ne certifie pas le contenu de l'acte pour lequel elle a été émise.